

Venres, 9 de febreiro de 2018

Núm. 29

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### RODEIRO

#### Ordenanzas e Regulamentos

#### *EDICTO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI)*

Transcorrido o prazo de exposición ao público do acordo de aprobación provisional da modificación da Ordenanza reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles, adoptado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 28 de novembro de 2017, e non téndose presentada reclamación algunha contra o mesmo, dito acordo así como a modificación da ordenanza fiscal anexa quedan elevados a definitivos, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo o que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

De conformidade co disposto no artigo 19.1 da devandita Lei, contra o presente acordo os interesados lexítimos poderán interpoñer o correspondente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece a Lei reguladora de dita xurisdición.

Rodeiro, a 6 de febreiro de 2018.

O alcalde (sinatura dixital)

*Luís López Diéguez*

#### ANEXO

#### **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI)**

Modifícase parcialmente a Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles (IBI), aprobada polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 26 de outubro de 2007 e publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia núm. 249, correspondente ao día 28 de decembro de 2007 (corrección de erros BOP núm. 25, do 05/02/08).

Engádesse un apartado 3 ao artigo 10º “Bonificacións potestativas”, co contido literal que deseguido se sinala:

“3. Gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto aqueles inmóbles ou construcións rústicas ou urbanas, indispensables para o desenvolvemento de actividades agrícolas, gandeiras ou forestais, pertencentes ao sector primario, e que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración. Para gozar da presente bonificación deberánse cumprir as seguintes condicións:



Venres, 9 de febreiro de 2018

Núm. 29

- a) Entenderanse como inmoables destinados ao desenvolvemento de actividades agrícolas, gandeiras ou forestais aqueles que, de acordo coa normativa do Catastro Inmobiliario, estean cualificados como de uso principal agrícola, gandeiro ou forestal.
- b) Corresponderá ao Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou de utilidade municipal, previa solicitude do suxeito pasivo, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros.
- c) Esta bonificación, que terá carácter rogado, poderase solicitar mediante o modelo normalizado que estableza o Concello, dende o día 1 de xaneiro ata o día 31 de marzo do exercicio en que vaia ter efectividade, e a súa concesión manterase para os exercicios sucesivos ata que se modifique ou derrogue esta ordenanza, e producirá efectos no período impositivo en que se presente a solicitude.
- d) Para poder gozar desta bonificación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:
- Acreditar a inscrición no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA) ou no Rexistro de Explotacións Gandeiras (REGA).
  - Certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) no que conste a situación censual do solicitante.
  - Certificados de non ter débedas coa Facenda estatal, autonómica e local, nin coa Seguridade Social.
  - Xustificante do recoñecemento de explotación ou licenza para a actividade correspondente.
- e) O Concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto desta bonificación.”

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2019.

O alcalde (sinatura dixital)

*Luís López Diéguez*

O secretario (sinatura dixital)

*José María Novo Ramos*